


XORNADA

The title 'XORNADA' is rendered in a large, white, multi-lined font. The background of the entire poster is a dark blue gradient, overlaid with a complex molecular structure. This structure consists of a large, blue, semi-transparent surface representing an enzyme's active site, with several white and red stick models of molecules interacting with it. The molecules are connected by a network of white and red lines, suggesting a reaction pathway or a specific binding site.

*Enzimas.
Ciencia e Tecnoloxía 2019*

25 de outubro de 2019
9.45 h a 13.30 h

Aula magna
Edificio Politécnico
Campus de Ourense



Universidade de Vigo

Presentación

No ano 2009, realizouse a primeira Xornada “Enzimas: Ciencia e Tecnoloxía”. 10 anos despois prográmase unha nova xornada, na que se pretende revisar o estado da arte da investigación en Tecnoloxía Enzimática, tanto desde o punto de vista da investigación básica como da súa aplicación a procesos de interese na industria química e alimentaria. Para profundar nestas cuestións, deseñouse unha xornada na que se programan conferencias de tres investigadores de primeiro nivel neste campo, xunto con representantes dunha empresa láctea galega que incorpora enzimas en procesos produtivos innovadores e de Bioga, unha organización empresarial sen ánimo de lucro que aglutina ás organizacións integradas na cadea de valor do sector biotecnolóxico que teñen a súa sede en Galicia.

A primeira parte da xornada consistirá en conferencias de 30 minutos con 5 minutos de quenda de preguntas, seguido dunha pausa para café. Na segunda parte, falarán os representantes de Queizuar S.L. e Bioga aportando o punto de vista empresarial, e finalizarase a xornada cun debate entre todos os participantes.

A xornada está dirixida especialmente a estudantes de máster e de doutorado pero tamén a toda a comunidade investigadora.

Organiza

María Luisa Rúa Rodríguez
Clara Fuciños González

Patrocina

Agrupación Estratéxica CITACA (Clúster do Campus da Auga)

Programa

09.45-09.55 h **Inauguración**

09.55-10.00 h **Panel Centros de Investigación**
Moderadora: María Luisa Rúa Rodríguez

10.00-10.35 h **Producción heteróloga de lipasas microbianas, aplicación á síntese enzimática de biodiesel**

Francisco Valero Barranco
Departamento de Enxeñaría Química, Biolóxica e Ambiental,
Universidade Autónoma de Barcelona

10.35-11.10 h **As minorías microbianas importan. O caso de termófilos en solos**

Juan Miguel González Grau
Instituto de Recursos Naturais e Agrobioloxía. IRNAS-CSIC (Sevilla)

11.10-11.45 h **Transformación enzimática de carbohidratos en produtos de alto valor engadido para as industrias alimentaria e nutracéutica**

Francisco Plou Gasca
Instituto de Catálisis e Petroleoquímica. ICP-CSIC (Madrid)

11.45-12.15 h **Pausa-Café**

12.15-12.20 h **Panel Industria**

Moderadoras: María Luisa Rúa Rodríguez e Ana Torrado Agrasar

12.20-12.35 h **Papel dos enzimas nunha industria queixeira**

Natalia Estévez Telle
I+D+i Queizuar, S.L. A Coruña

12.35-12.50 h **O potencial da industria biotecnolóxica en Galicia**

Loli Pereiro, Project Manager.
Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida-Bioga, Santiago de Compostela

12.50-13.30 h **Mesa Redonda. Conclusións e peche**

